

### EXTRACTO DO BORRADOR DA ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

29 de decembro de 2016

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e dez minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil dezaseis; baixo a presidencia da Excmo. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnense os concelleiros e concelleiras SR. DON JAIME CASTIÑEIRA BROZ, SRA. DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO, SRA. DONA MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, SR. DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, SRA. DONA ISABEL DEVESA PIÑEIRO, SR. DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, SR. DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, SRA. DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ; ILMA. SRA. DONA ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico; ILMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes; ILMA SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; ILMA SRA. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión; ILMO. SR. DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal; ILMA SRA. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía; ILMO. SR. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, SR. DON SANTIAGO CELSO FERNÁNDEZ ROCHA, SRA. DONA MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRÁIZ, SR. DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, SRA. DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, SRA. DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ, SR. DON JESÚS EXÓSITO LÓPEZ e SR. DON CARLOS ANXO PORTOMENE PÉREZ, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído a presidenta.

Non asiste DONA MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, que xustificou a súa ausencia.

Dá fe do acto a Vicesecretaria da Corporación, dona María García Ferro, e está presente o Interventora Xeral Municipal en funcións dona Elva Anido Anido.



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/jch

Refª: 16extractoap16

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2016

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes acordos:

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**FACENDA LOCAL**

**1/242 LICENZAS URBANÍSTICAS.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO DE PLANTA BAIXA PARA CENTRO DE BIOTECNOLOXÍA APLICADA NA RÚA MARÍA BARBEITO, 61 (VÍA B) ESQUINA COA RÚA CRUZ GALLASTEGUI UNAMUNO (VÍA G), NO PARQUE EMPRESARIAL DE AS GÁNDARAS, PARCELA E4.A, PRESENTADA POR ALFONSO ALBA MENÉNDEZ EN REPRESENTACIÓN DO INSTITUTO DE BIOTECNOLOXÍA MÉDICA APLICADA (I.B.M.A., S.L.).- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:****

PRIMEIRO.- ESTIMAR a solicitude formulada por don Alfonso Alba Menéndez, en representación do INSTITUTO DE BIOTECNOLOXÍA MÉDICA APLICADA (I.B.M.A., S.L.), procedendo á declaración da construción dun edificio de planta baixa para centro de biotecnoloxía aplicada na rúa María Barbeito, 61 (vía B) esquina coa rúa Cruz Gallastegui Unamuno (vía G), no Parque Empresarial de As Gándaras, parcela E4.a, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

SEGUNDO.- Conceder ó solicitante un prazo dun MES dende a notificación do acordo plenario para a solicitude da bonificación do 50% da cota do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

**PROPOSICIÓNS**

**2/243 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 367/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUN XULGADO DO SOCIAL EN LUGO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:****

PRIMEIRO.- Instar á creación dun novo xulgado do social en Lugo, segundo o criterio da Comisión Mixta entre o Tribunal Superior e a Xunta de Galicia.

SEGUNDO.- Instar ao Consello Xeral do Poder Xudicial ao nomeamento urgente dun maxistrado ou dunha maxistrada de reforzo para os xulgados do social na provincial de Lugo.

TERCEIRO.- Instar á Xunta de Galicia, no ámbito do exercicio da competencia que en materia de xustiza ten transferidas, a aprobación de medidas

de reforzo, de persoal auxiliar nos xulgados que o Consello Xeral do Poder Xudicial ou Tribunal Superior consideren que requiren dun plan de apoio pola súa sobrecarga de traballo, para o que destinan un xuíz de apoio.

CUARTO.- Enviar o presente acordo aos órganos xudiciais e políticos competentes.

**3/244 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 376/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ESTUDAR A RETIRADA DO FOTOVERMELLO DA RONDA DA MURALLA.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** rexeitala.

**4/245 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 377/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A APROBACIÓN DUN NOVO REGULAMENTO DA POLICÍA LOCAL.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:** O Pleno da Corporación insta ao goberno municipal iniciar o procedemento para a elaboración dun novo Regulamento da Policía Local que debería ser aprobado no prazo máis axeitado posible, adaptado ao novo Decreto.

**5/246 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 383/2016 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A POSTA EN VALOR DA VÍA REXIA DO NORTE.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Que o Concello de Lugo solicite aos organismos competentes o recoñecemento oficial da Vía Rexia do Norte como ruta histórica de peregrinación a Compostela, co fin de poder solicitar o recoñecemento desta como patrimonio mundial da UNESCO.

SEGUNDO.- Instar a Xunta de Galiza a posta en marcha das actuacións prioritarias para a correcta delimitación oficial da súa traza e territorio histórico, recuperación de pasos e sinalización e a promoción e instalación de albergues públicos.

TERCEIRO.- Instar ao Ministerio de Agricultura e Medio Ambiente a execución dunha pasarela sobre a Rolda Leste na situación onde se corta dito camiño.

CUARTO.- Solicitar que o Concello de Lugo se incorpore ao convenio da Vía Rexia onde xa acordaron incluírse o resto de concellos galegos e asturianos polos que discorre este camiño, agás Lugo e Pol.

**6/247 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 384/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á INSTALACIÓN DE SISTEMAS**



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/jch

Refª: 16extractoap16

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-12-2016

**DE CONTROL DE ACCESO ÁS RÚAS PEONÍS.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:** Instar ao Goberno Local a que estude a posibilidade de instalar sistemas de control de acceso en rúas peonís a través de cámaras de control de acceso, mobiliario urbano ou calquera outro dispositivo que se considere oportuno.

**7/248 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 404/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE OPTIMIZACIÓN ENERXÉTICA.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- A elaboración e posta en marcha dun Plan Municipal de Optimización Enerxética que inclúa a realización dunha auditoría.

SEGUNDO.- A implantación da figura dun xestor enerxético municipal, que deberá saír do persoal municipal.

**8/249 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 405/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUNHA MESA DE TRABALLO PARA A ATENCIÓN CONXUNTA ÁS PERSOAS RECURSOS E SEN FOGAR.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:** A constitución dunha mesa de traballo na que participen todos os sectores e institucións especializados na atención ás persoas sen recursos e sen fogar da cidade para optimizar e efectivizar os recursos asistenciais dispoñibles como primeiro paso para a posta en marcha do Pacto contra a pobreza aprobado no Pleno do 25 de febreiro de 2016.

**9/250 PROPOSICIÓN DO GRUPO MIXTO (ACE-EU), NÚMERO 407/2016 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE MEDIDAS URXENTES PARA A SEGURIDADE VIARIA NAS ZONAS ESCOLARES.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:** Realizar unha auditoría vial dos entornos escolares de todo o municipio destinada á mellora da seguridade dos mesmos cuxos resultados e solucións propostas se obteñan antes do vindeiro curso escolar e onde se estuden, entre outras, as seguintes medidas:

- Declarar zona 30 nos entornos escolares de tráfico máis conflictivo e adoptar solucións para evitar o estacionamento irregular nos mesmos.
- Destinar persoal da Policía Local ás entradas e saídas de cada centro para regular o tráfico e controlar as infraccións.
- A sincronización semafórica nas zonas escolares para evitar os cruces indebidos de peóns e que os vehículos pasen en vermello.
- A mellora inmediata da visibilidade da sinalización horizontal e vertical próxima aos centros educativos.

- Posibilidade de ampliar o Programa Unha Escola Aberta para incluír monitores de acompañamento do estudantado nas saídas e entradas dos centros e actividades extraescolares dirixidas á educación vial e á sensibilización na seguridade e o respecto das normas de tráfico.

**B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL**

**URBANISMO**

10/251 **TOMA DE RAZÓN DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA Nº 735/2014, DE DATA DO 25-9-14, DESESTIMATORIA DO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 4245/12, INTERPOSTO POLA “COMUNIDAD DE PROPIETARIOS VIRGEN DE LOS OJOS GRANDES, 3ª PARCELA, DE LA CIUDAD DE LUGO”, CONTRA A ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (CMATI), DO 29-04-11, SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA PARCIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM).**- O Excmo. Concello Pleno **TOMA RAZÓN** da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 735/2014, de data do 25 de setembro de 2014, desestimatoria do recurso contencioso-administrativo nº 4245/2012, interposto pola “*COMUNIDAD DE PROPIETARIOS VIRGEN DE LOS OJOS GRANDES, 3ª PARCELA, DE LA CIUDAD DE LUGO.*”, contra a Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), do 29 de abril de 2011, sobre aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

**ACTAS E GOBERNO**

11/252 **DEUSE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 14 DE NOVEMBRO DE 2016, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.**

**INTERVENCIÓN**

12/253 **DEUSE CONTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Ó 2º e 3º TRIMESTRE DE 2016.**

**C) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS**

**PÉSAME POLO FACELEMENTO DE DONA MARÍA NARVORA MÉNDEZ LOMBARDEIRO, NAI DO TENENTE DE ALCALDE DESTE CONCELLO, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ.**

